



## **BASES 3ª edición Premios Gegasal de Xornalismo**

A Asociación empresarial galega de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, (CEGASAL), en colaboración co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, (CPXG), convocan a terceira edición di premio CEGASAL de xornalismo, cun obxectivo triplo: dar visibilidade ás persoas con discapacidade, mostrar as dificultades que encontran para optar ao mercado laboral e dar a coñecer o traballo que realizan neste terreo os centros especiais de emprego.

Do premio único de mil euros da primeira edición , pasamos nesta ocasión a dous premios de 1.500 euros, un para os traballos publicados en prensa escrita ou publicacións dixitais, e outro para os traballos difundidos en radio ou televisión.

Bases:

1ª) Pode participar neste concurso calquera profesional que publicara ou difundira información sobre os centros especiais de emprego de Cegasal ou sobre o propio labor da Asociación de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro, en prensa escrita, radio, televisión ou publicacións dixitais .

Cada xornalista concursante pode enviar un ou máis traballos.

2ª) Os interesados deberán enviar copia dos traballos, (informacións escaneadas, arquivos de audio ou audiovisuais ou arquivos de publicacións dixitais), ao enderezo de correo electrónico de

CEGASAL, (cegasalcomunicación@gmail.com), antes do día 12 de marzo de 2019.

Tamén poderán enviarse os traballos concursantes por correo certificado, respectando os prazos anteriormente fixados, á sede do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (Rúa Ponferrada 9 Baixo, 15707 Santiago de Compostela).

Cada concursante debe acompañar o seu traballo ou traballos dun breve currículo, así como dos datos necesarios para contactar: nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico.

Cada participante garante a autoría do traballo ou traballos presentados, eximindo a CEGASAL e ao CPXG de calquera reclamación ao respecto. O xurado podería solicitar certificación da emisión ou publicación dos traballos gañadores.

3ª) Os traballos concursantes serán cualificados por un xurado composto por tres membros de CEGASAL e o CPXG, e o/a gañador/a da pasada edición.

4ª) O xurado concederá dous premios. O primeiro dos premios, dotado con 1.500 euros, será para traballos difundidos en prensa escrita (xornais ou revistas) ou en publicacións dixitais. O segundo dos premios, tamén dotado con 1.500 euros, será para traballos emitidos en radio ou televisión.

Os gañadores ou ganadoras serán dados a coñecer nas webs de CEGASAL e do CPXG na primeira quincena de abril de 2019.

As decisións do xurado serán inapelábeis, podendo declarar deserto o premio se os traballos presentados non tivesen a calidade necesaria.

Os premios están suxeitos ás retencións fiscais contempladas na lexislación vixente.

5ª) Os gañadores do concurso autorizan expresamente a que o seu nome e apelidos sexan publicados nas webs das entidades organizadoras, así como nos seus medios de comunicación físicos ou

dixitais, coa finalidade de promocionar os premios e referenciar os traballos gañadores.

6ª) A participación neste concurso supón a plena aceptación do contido destas bases.